

Resolución definitiva pola que se fai pública a relación dos centros que amplían a Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (RAOGAL) creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Segundo os termos establecidos no apartado décimo da Resolución do 19 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (RAOGAL), creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o curso 2022-2023, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas por parte da comisión de selección, e rematado o prazo de 3 días hábiles para as reclamacións ou renuncias, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa emite a resolución definitiva dos centros seleccionados que pode consultarse na web desta consellería.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,
Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

